



"A literatura galega está mal explicada porque obvia a música. A música está presente en todo"

[Marcos Pérez Pena](#) 3 de novembro de 2023

<https://praza.gal/cultura/a-literatura-galega-esta-mal-explicada-porque-obvia-a-musica-a-musica-esta-presente-en-todo>

O 30 de outubro de 1994 a aldea de Viana, en Chantada, acolleu na Taberna do *Sistema* unha cea na que un feixe de rapaces chegados dende todo o país -integrantes bandas como Os Skornaboís, Os Papaqueixos, Os Bochechiñas, Yellow Pixoliñas, O Caimán do Río Tea, Os Diplomáticos e, por suposto, Rastreros- crearon o *Bravú*. O Manifesto de Viana deu carta de natureza a unha etiqueta e a un movemento que reivindicaba o orgullo da aldea e a fusión das guitarras eléctricas e da música popular.

"Era verdade. En Galicia cocíase algo. E como as castañas sen amosegar estoupou. E como todo o que estoupa faino con moito ruído, coma o trono cando peta nos montes, coa enerxía e a luz do raio que pode quebrar o carballo máis grande ou fundir unha vaca polos cornos nun segundo. Quen pode apertar un ourizo? Quen pode aturar unha castaña ardendo. É por iso que este ano imos tronzar o universo. Ardelloeixe!", remataba o manifesto que estes días de outono e de magosto fixo 29 anos e que no vindeiro 2024 chegará ás tres décadas. 30 anos de Bravú cuxa celebración xa se empeza a organizar.

Nesa conmemoración estará, por suposto, Xurxo Souto, aquel rapaz dos Diplomáticos de Monte Alto que segue a facer música coa Orquestra Bravú Xangai e que, nunha ou noutra actividade, afonda sempre na relación co popular, cos barrios, coa aldea, na relación permanente entre a música e as letras, entre a música e a vida. Faino, por exemplo coas andainas "guiadas pola Coruña máis invisible", afondando na historia popular de barrios coma Os Mallos ou Os Castros.

E farao a partir de xaneiro co libro *Somos un pobo de artistas! O método Luísa Villalta* (Xerais), unha obra que recolle as achegas que a homenaxeada na Letras de 2024 fixo en *O outro lado da música, a poesía* e na que Xurxo Souto afonda na "unidade primixenia" entre as dúas artes, buscándoa "especialmente nas marxes, territorios case invisíbeis para o gran público, onde medra cada día o poder da creatividade". Falamos con el sobre todas estas cousas e moito máis.

No 2024 vaise celebrar o 30 aniversario do Bravú. Como vai ser a conmemoración?

Non está nada organizado, pero temos aínda un ano para preparalo. Eu o que quería era festexar esa data, unha efeméride que semella ter ficado bastante invisible. Hoxe hai 29 anos estabamos aí en Viana, ceando e inventando aos postres esta palabra: o *Bravú*. Que un grupo de rapaces se xuntasen alí foi un fito fermoso: creouse unha etiqueta, un discurso estético, cunha vontade de deixar pegada. E isto non pasou nunha cidade, non pasou en Santiago, nin na Coruña nin en Vigo, senón nunha aldea. Iso tivo a súa repercusión e creou unha certa dinámica cultural da que estamos moi orgullosos.

Vai ser unha conmemoración nostálxica ou que mirará ao presente?

O máis bonito é que a pegada continúa dalgún xeito: aí seguen os Rastreros, e nós tamén seguimos a través da Orquestra Bravú Xangai e o noso compañeiro Fran Amil ten *Amilicia Bravú*. Por iso a celebración que preparamos non ten un ton nostálxico senón un ton creativo. E isto é bastante novidoso, penso eu, porque os manifestos musicais e a creatividade vén ligada sempre á adolescencia e, en cambio, persoas que andamos preto dos 50 anos seguimos mantendo un discurso creativo e penso que iso é algo moi bonito, que queremos reivindicar. Reivindicamos o poder creativo da terceira idade da vida.

O Bravú deixou unha pegada innegable nas persoas que agora teñen 40, 50 ou 60 anos, pero os rapaces que agora teñen 20 anos que relación teñen co Bravú?

Nada, os rapaces e as rapazas de 20 anos non teñen relación co Bravú. O que os rapaces e as rapazas de 20 anos teñen que facer é crear as súas propias estéticas, e xa o están a facer. Diante de todos os agoiros, que tamén había hai tres décadas, trinta anos despois do bravú estanse creando en Galiza novas estéticas, absolutamente sorprendentes e cargadas de creatividade. Quen podía esperar un grupo como Fillas de Cassandra? Dúas rapazas que cantan en galego, que usan bases electrónicas, que reivindicán a cultura clásica e que son un fenómeno de masas.

O bravú era esa necesidade fronte aos agoiros que nos dícían que non se podía cantar en galego, que si estaba ben para o folk ou a música tradicional, pero non para o rock. Nós rebelámonos contra iso e o bonito é que triunfamos. E hoxe pasa o mesmo: a pesar da falta de apoio, a música en galego está máis viva ca nunca.

Dis que falta "apoio" pero estes rapaces e rapazas superan os obstáculos, fan música nas súas casas, cos medios que teñen ao seu dispor (como faciades as bandas do Bravú), e compártena a través de internet. Como ves a escena musical actual, sobre todo o que están facendo as novas xeracións?

Antes non existían as redes sociais, esas ferramentas que che permiten estar en contacto con persoas que, como realidades paralelas, están facendo o mesmo ca ti noutro lugar. E por iso o apoio dos medios públicos era aínda máis importante. E de aí a relevancia da aposta que fixo o Xabarán e que se fixo na radio nalgúns momentos. Agora, a pesar desa falta de apoio, triunfa a creatividade e a imaxinación e o máis importante: un discurso diferenciado, que é o que achega esta xeración de xente nova.

Como vexo a música galega hoxe? Pois véxoa extraordinaria, coma sempre: ese milagre de que un pequeno país de tres millóns de persoas dea tanto de si, grazas ao acervo dunha cultura pero sobre todo grazas á existencia de xente nova, cargada de vida e que ofrece contidos diferenciados. Eu isto sempre o dicía de Mercedes Peón. A Mercedes sóltala en Alaska e aínda que non a coñezan vai emocionar coa súa música, porque achega unha forma diferente de ver o

mundo e cunha enorme calidade técnica. Pois iso mesmo pasa coas fillas de Mercedes Peón, que poderían ser as Tanxugueiras ou as Fillas de Cassandra.

A música galega non está nos medios públicos? Cal cres que é a razón?

Os medios de comunicación públicos foron creados para a promoción da cultura galega e non están cumprindo con ese cometido, senón que están defendendo unha ideoloxía que entende que o galego está moi ben como lingua familiar, para falar dentro da casa, pero non como lingua culta. Claro que o PP quere o galego, pero reducido a este ámbito. Para eles o galego está moi ben sempre que sexa só a lingua da xente maior, a lingua da casa. Pero moléstalles que o galego sexa un referente creativo para a xente nova. A falta de difusión da música galega nos medios públicos é totalmente consciente. Ese intento de control foi un fracaso pois a pesar desas dificultades, este pobo de artistas segue a producir cousas novas.

O 18 de xaneiro publicas *Somos un pobo de artistas! O método Luísa Villalta* (Xerais), que en parte é unha homenaxe a Luísa Villalta e que afonda na idea de que música e literatura sempre están ligadas, e moito máis en Galicia. Que contas neste libro?

Somos un pobo de artistas é un libro que segue o método de Luísa Villalta. No ano 1999 ela editou unha obra que me deixou fascinado: *O outro lado da música e da poesía*. E a partir dese momento comecei humildemente a analizar a realidade nesa clave, na unión entre música e poesía. Nese libro ela conta que toda a nosa estética musical xa foi codificada polos gregos e, ademais, que toda a literatura galega é música, dende as cantigas musicais ata o Rexurdimento con Rosalía.

Como se nos puido explicar a literatura sen música? Por que existe esa distancia aparente entre a poesía e a música, cando é o mesmo? A resposta está no propio libro de Luísa e vén de moi atrás. Platón e Aristóteles ponderaban os instrumentos apolíneos: os que permitían cantar e procuraban a orde, os instrumentos de corda, pero pola contra rexeitaban os instrumentos dionísicos: as trompetas, a festa, a loucura, porque eran o caos. Esa visión pasou ata nós. A música popular consideráse algo menor, algo frívolo, algo que está nun estatus inferior. E aí está Luísa Villalta rachando con todo iso e falando da unidade infinita. A literatura galega (e tamén a literatura española) está mal explicada, porque obvia a música. Iso é o que eu propoño no libro: estudar a nosa realidade, sempre buscando o vencello entre música e literatura.

E pódooche outro exemplo: así como hai artistas e hai artesáns e teñen consideracións distintas, aos que compoñen versos para cantar non se lles considera poetas, senón letristas, que non ten a mesma categoría. Pero agarda un momentíño: quen é o maior letrista da música galega? Pois Rosalía de Castro, e Celso Emilio Ferreiro, e Curros Enríquez. Iso é o que propoñía Luísa Villalta e o que desenvolvo eu no libro.

Hai unhas semanas publicaches nos *Sermos* un artigo moi interesante no que afondabas das cantigas das mulleres que traballaban na industria da conserveira, uns cantos de traballo das conserveiras moi pouco estudades e que amosan unha vez máis que en Galicia a música está presente en todo: nas celebracións, nas tabernas, pero tamén no traballo...

Cántase na taberna e cántase no traballo en Galiza e en calquera pobo do mundo, pero o que pasa é que existe ese prexuízo académico sobre certas músicas que son completamente ignoradas. Nese caso que comentas, que eu tamén descoñecía por completo, eran milleiros de mulleres cantando, facendo canción social, moitas veces falando contra os encargados e propietarios, un corpus emocional moi grande. Pero ninguén considerou que fose interesante

estudar iso. Ao cabo eran só 'cantos de mulleres' e o que facían as mulleres non tiña interese ningún.

Por iso digo que a música está presente en todas partes. Non hai alta cultura e baixa cultura, o que ten que haber é a capacidade de transmitir emoción e todas as formas de cultura son válidas sempre que consigan iso e levar á catarse. A música está presente en todo e a cuestión sería preguntarnos por que nos gusta a música. E a miña resposta a esta pregunta é porque cando estabamos no paraíso, é dicir, no ventre da nosa nai, estabamos escoitando música todo o tempo: o son do seu corazón. A propia Mercedes Peón traballou a partir deses sons do fluxo sanguíneo en *Sihá*.

Esa música presente en todos os recunchos é unha das bases desas andainas que estás a guiar polos barrios da Coruña, nas que rescatas cancións que falan de topónimos e de persoas que viñeron sendo invisibilizados e, en xeral, da historia duns barrios moitas veces silenciados. Unha historia popular dos barrios populares das nosas cidades que é moi semellante na Coruña, en Vigo e noutros lugares...

Esa é unha mostra de como fomos *malformados*, de como fomos mal educados, cando menos a miña xeración. Xa sabes a miña teoría: que Vigo e A Coruña son a mesma cidade, formadas por familias obreiras que viñeron dende as aldeas para traballar.

No noso caso da Coruña, e o mesmo en Vigo, todas as manifestacións culturais que fosen populares e estivesen en galego non aparecían nos medios de comunicación. Cando hai uns anos fixemos aquel programa da *Tropa da Tralla*, foi un *boom* porque empezaba a chamar a xente para darnos conta de cancións, para corrixirnos as letras... era unha parte inmensa da cidade que se expresaba en galego e que nunca aparecía nos medios.

Todo ese corpus de canción popular en galego dos barrios da cidade foi agromando pouquiño a pouco. E esta realidade oponse completamente a este *preconceito* da Coruña *pija* que mira cara a Madrid e que se expresa en castelán, que por suposto existe, pero que é unha parte mínima da cidade. E o problema é que da Coruña sempre se ensina o centro, pero nós facemos estas andainas polos barrios, por currunchos marabillosos onde sempre aparecen cancións e onde sempre xorden eruditos e eruditas locais que nos ofrecen algún tema novo.

O problema é que entre Vigo e A Coruña sempre se fai fincapé nas diferenzas, na oposición entre o Abel Caballero e o Paco Vázquez de quenda, e non nas semellantes vidas que teñen a maior parte dos seus habitantes?

É o que estás dicindo: faise unha visión de como se debe interpretar Galicia dende as elites, que propician o localismo e o descoñecemento entre uns lugares e outros. En cambio, a realidade dos barrios é a mesma en Vigo e na Coruña, con toda esa xente que chegou dende as aldeas para traballar na beira do mar. A experiencia de vida que ten unha rapaza de Labañou é a mesma que ten unha rapaza de Coruxo; e a vida dun rapaz do Calvario é semellante á dun rapaz dos Mallos. Pero o de Coruxo non sabe onde quedan os Mallos e o de Labañou non sabe onde cae o Calvario, porque ninguén llelo di. Esa é a incomunicación que fomenta o localismo.

Como pode ser que a única relación institucional entre Vigo e A Coruña fosen catro rapaces no fútbol berrando "Putá Coruña" e "Vigo no", cando a realidade é que o rapaz que berra "Vigo non" tiña moito máis que ver co rapaz que berra "Putá Coruña" que cos mandatarios da súa cidade que estaban no palco, facéndose fortes a través dese elitismo que supón o localismo. Hai

que dicir, ademais, que a incomunicación é un negocio e chámase AP-9: o eixo que tiña que vertebrar este país é un obxecto de pago para beneficio duns poucos.

Hai unha realidade que se opón a ese discurso da elites e cando agroma esa realidade, agroma a vida e por iso pasan ás veces cousas sorprendentes, que non se poden anticipar a priori e que nos falan dos mundos paralelos aos que habitamos.

De igual xeito, sempre insistes en que debemos recuperar a palabra "aldea", que esta teima en falar do "rural" non canto de "aldea" é unha forma de invisibilización dunha realidade...

"A aldea está tan depauperada, tan golpeada, tan ninguneada que xa nin sequera se pode dicir 'aldea'. Case nunca aparece nos medios: hai que dicir 'o rural'. Paréceme unha forma de prepotencia e unha falta de consideración á xente que vive nas aldeas. En cambio, non hai ninguén que diga 'eu vivo no urbano'"

É unha forma de poder, todos os tópicos están apoiando unha forma de poder. A aldea está tan depauperada, tan golpeada, tan ninguneada que xa nin sequera se pode dicir "aldea". Case nunca aparece nos medios: hai que dicir "o rural". Paréceme unha forma de prepotencia e unha falta de consideración á xente que vive nas aldeas. En cambio, non hai ninguén que diga "eu vivo no urbano".

Nas análises que se fan deste país, todo o mundo acepta o axioma da división entre "o rural" e "o urbano", igual que cando se falaba do Partido Popular dividido entre "os da boina" e "os do birrete". Pero esta non é unha visión neutra, senón que é unha visión interesada, porque a cidade está asociada ao dinamismo, ao moderno, ao progreso, á riqueza e a aldea á tranquilidade, á natureza, o vello, o que vai quedando atrás, o que vai esmorecendo. A cidade: o castelán; a aldea: o galego.

A realidade é que todos vimos da aldea, en primeira ou en segunda xeración e que as familias obreiras das cidades veñen da aldea. E en vez de fomentar esa relación constante e de fomentar que a xente viva nas aldeas con dignidade, o que se fai é crear unha fronteira infinita.